



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de agosto de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez (non asiste), Don Javier Iglesias Sendín e Don José Prieto Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 8 de agosto de dous mil once (Ordinaria), salvo no tocante aos asistentes xa que non asistiu o Concelleiro Don José Ignacio Gómez Pérez.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

“Solicitude de información urbanística interesada por **Don Gumersindo Fernández Alonso**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Salamanca nº 6, 5º C, en Vigo, con número de rexistro de entrada 2921. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 12.08.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Fontiña, San Paio, (Ref. Catastral 2337131NG7823N0001MX), a solicitude de **Don Gumersindo Fernández Alonso**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con data RE 11 de agosto de 2011 N° RE 4105, relativo a notificación de resolución de concesión de subvención para o fomento e realización de actividades de voluntariado.
2. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Familia e Benestar con data RE 10 de agosto de 2011 N° RE 4084, relativo a concesión de subvención no Servizo de Axuda no Fogar.
3. Comunicación de Presidencia, Secretaría Xeral de Emigración con data RE 16 de agosto de 2011 N° RE 4157, relativo a concesión de subvención para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma Galega.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Sr. Alcalde relativa a presentación de denuncia pola realización de supostos feitos delictivos consistentes en plantar lume a un solar abandonado, por un veciño da vila.
2. Comunicación do informe do Arqueólogo municipal sobre proposta de catalogación do xacemento “*Laxe dos Novoa*”, aos efectos de remisión a Delegación da Consellería de Cultura e a Empresa Consultora Galega.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.